

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E A COORDINADORA GALEGA DE ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS PARA O DESENVOLVEMENTO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DAS CAPACIDADES DA COORDINADORA PARA PROMOVER A TRANSPARENCIA, O BO GOBERNO E OS OBXECTIVOS COMPARTIDOS DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL E DEFENSA DA POLÍTICA PÚBLICA DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS ONGD GALEGAS”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte, Alejandro Quiñoa Casteleiro, con DNI nº 33.338.166-B, na súa calidade de presidente da Coordinadora Galega de Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento, asociación sen ánimo de lucro, legalmente constituída e inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma co número 18/01 da Sección 2ª o 28 de setembro de 2001 e no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento co número 146 Sección A o 22 de marzo de 2007, que intervéñen neste acto por conta e en representación da citada asociación, con capacidade para vincularla neste acto no exercicio das facultades que ten atribuídas no artigo 21 dos seus estatutos.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos

EXPOÑEN



Primeiro.- Que a Xunta de Galicia, de acordo co recto exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación exterior, debe incentivar a participación social e cívica nas accións de cooperación ao desenvolvemento mediante a realización ou financiamento de campañas de concienciación e sensibilización a favor dos pobos máis desfavorecidos, así como fortalecer o tecido galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento.

Segundo.- Que unha das prioridades sectoriais establecidas na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, é a da potenciación dos axentes de cooperación ao desenvolvemento de Galicia co fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade.

Terceiro.- Que a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, alude na súa exposición de motivos á Coordinadora como representante das ONGD, que veñen



colaborando coa Administración pública atendendo aos principios de eficacia e sinerxía das actuacións e respectando o código de conduta propio deste tipo de organizacións non gobernamentais. En concreto, prestan asistencia á Xunta de Galicia mediante a súa participación nos órganos de asesoramento e nas comisións técnicas asesoras de actividades e apoian, informan e asesoran aos outros axentes de cooperación nas accións realizadas dende a Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarto.- Que a Coordinadora Galega de Organizacións non Gobernamentais para o Desenvolvemento (no que segue, a Coordinadora) é unha entidade fundada no ano 1991, que na actualidade agrupa a 45 organizacións con presenza na nosa Comunidade Autónoma. As súas áreas de actuación son a representación diante das institucións das ONGD que a integran, a defensa do Código de Conduta, a formación e a sensibilización e a busca da implicación da sociedade galega na superación da pobreza na que viven millóns de persoas no mundo. Dende 2002 a Coordinadora está integrada, como membro de pleno dereito, na “Coordinadora de ONG para el Desarrollo – España”.

Quinto.- Que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, órgano superior da Administración autonómica da cooperación ao desenvolvemento consonte o establecido no artigo 32 do Decreto 11/2015, do 5 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, considera axeitado e conveniente contribuír ao fortalecemento desa organización, en canto organismo de referencia da cooperación galega, non só para os axentes implicados na cooperación senón tamén para outros movementos sociais da nosa Comunidade Autónoma, sendo a plataforma que apoia ás ONGD galegas ou con presenza en Galicia a través de iniciativas de fortalecemento das mesmas e de difusión das súas actividades entre a poboación galega.

A singularidade deste proxecto vén determinada polas accións de fortalecemento da propia Coordinadora, en canto organización representativa, aglutinadora e fortalecedora das ONGD que representa, así como polas iniciativas de difusión das súas actuacións diante da poboación galega que proxecta levar a cabo no ano 2018 en execución do seu Plan estratéxico 2017- 2020 e que se detallan no anexo que integra o texto deste convenio.



A especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza da entidade destinataria representativa das ONGD galegas e con presenza en Galicia, que colabora coa Administración pública atendendo aos citados principios de eficacia e sinerxía prestando asistencia e participando nos órganos de asesoramento e en comisións técnicas asesoras, así como apoiando, informando e asesorando aos axentes da cooperación así como a utilidade que a posta en marcha deste proxecto significa para a cooperación en todo o ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

Sexta.- Que por isto acordan asinar o presente documento que se desenvolverá de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Coordinadora no proxecto denominado "Mellora das capacidades da Coordinadora para promover a transparencia, o bo goberno e os obxectivos compartidos de transformación social e defensa da política pública de cooperación ao desenvolvemento das ONGD galegas"

O proxecto ten como obxectivo contribuír a mellorar o sector galego de cooperación ao desenvolvemento mediante o fortalecemento da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento, a través da realización das actuacións que se describen no anexo que se achega como parte integrante do presente convenio.

SEGUNDA.- Obrigas da Coordinadora Galega de ONGD

A Coordinadora deberá:

1. Executar o proxecto referido na cláusula primeira.
2. Aportar 2.500,00 € para a execución do proxecto.
3. Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.
4. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, nas páxinas web oficiais da Xunta de Galicia e nos seus rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a Coordinadora comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de tódalas condicións e obrigas recollidas neste convenio e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
6. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.
7. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
8. Xustificar, previamente ao cobro de calquera dos pagos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública

da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. A entidade, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autoriza ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

9. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta acción.
10. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos obxectivos, resultados, prazo de execución ou variación do custo total do proxecto ou das partidas orzamentarias en máis dun 20% do inicialmente aprobado. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

TERCEIRA.- Obrigas da Vicepresidencia e Consellería

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do custo total do proxecto, que ascende a noventa e dos mil cincocentos euros (92.500,00 €), aboará á Coordinadora a contía máxima de noventa mil euros (90.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.26.331A.481.1 do orzamento vixente para o ano 2018.

A Coordinadora poderá recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa consulta á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, pero en calquera caso todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura da entidade, quen asumirá os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

CUARTA.- Pagamentos anticipados

Trala sinatura do presente convenio e previa petición da Coordinadora, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE concederá un anticipo pola contía máxima do importe da subvención concedida, de acordo co previsto na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para afrontar os pagamentos inmediatos que leva a execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11, letra d), da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Xustificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa



Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA. - Xustificación do proxecto

A xustificación da execución do proxecto efectuarase por parte da Coordinadora nun prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización das actividades programadas, de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e con data límite do 31 de marzo de 2019.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe que constará de dúas partes:

1ª parte: xustificación técnica, que incluírá:

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos.
- Unha certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo órgano competente da Coordinadora.

2ª parte: xustificación económica, que incluírá:

- Unha certificación de gastos do proxecto por partidas orzamentarias e na que se indique as distintas fontes de financiamento, expedida polo órgano competente da Coordinadora.
- Unha declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11, letra d), da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Unha relación de todos os gastos efectuados con identificación da data, número das facturas ou dos documentos xustificativos, identificación do emisor dos mesmos, descrición do gasto, importe en euros e data e forma de pago dos mesmos.
- As facturas ou outros documentos xustificativos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior, así como a documentación acreditativa dos pagamentos.

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que a Coordinadora indique, mediante a presentación da certificación expedida pola mesma, na que conste a súa titularidade, non asumindo a Xunta de Galicia os gastos bancarios que se derivasen desta actuación.



A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do proxecto subvencionado.

Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Con carácter previo á realización da copia, é obrigatoria a impresión dun selo- dilixencia en todos os documentos orixinais (facturas, recibos ou outros) de gastos. Nela debe figurar «Convenio financiado pola XUNTA DE GALICIA», ano do financiamento e título abreviado do proxecto. Naqueles documentos xustificativos de gasto imputable a máis dun financiador, deberá constar a dilixencia antes mencionada, indicando ademais o tanto por cento de financiamento que lle imputa a cada un. No suposto de documentos de gasto nos que resulte imposible a impresión de tal selo- dilixencia, como consecuencia do seu tamaño, acompañaranse cunha relación dos mesmos en que se faga constar a mencionada dilixencia.

Con carácter excepcional, nos supostos debidamente xustificados e motivados, poderase aceptar a xustificación do pago en efectivo para importes inferiores a 1.000 euros, acompañando xustificante do cobro do proveedor, conforme establece o artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Para gastos superiores a 1.000 € non poderán aceptarse pagos en efectivo.

SEXTA.- Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

SÉTIMA.- Publicidade

A Coordinadora obrígase a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o da Xunta de Galicia e o da Cooperación Galega deberán figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade. Os logotipos serán facilitados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.





OITAVA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, designado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e un representante da Coordinadora.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

NOVENA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Polo desistimento da Coordinadora.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería poderá, no seu caso, esixir o reintegro total ou parcial das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2018, incluíndo as actuacións iniciadas dende o 1 de xaneiro de 2018, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da execución anticipada e conforme, a plena satisfacción, dos gastos cofinanciados pola achega da Xunta de Galicia.

UNDÉCIMA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da Comisión Mixta, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso- administrativa, nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.



DUODÉCIMA. - Portal da Transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

DÉCIMO TERCEIRA. - Reintegro por incumprimento

Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da totalidade das mesmas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DÉCIMO CUARTA. - Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018 e demais normativa que sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase por duplicado polas partes comparecentes no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA
O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO
DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA



Alfonso Rueda Valenzuela

POLA COORDINADORA GALEGA
DE ONGD
O PRESIDENTE



Alejandro Quiñoa Casteleiro

ANEXO

OBXECTIVOS E RESULTADOS

1.- OBXECTIVOS

Obxectivo xeral: Contribuír a mellorar o sector galego de cooperación ao desenvolvemento mediante o fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGD.

Obxectivo específico: Mellora das capacidades da Coordinadora para promover a transparencia, o bo goberno e os obxectivos compartidos de transformación social e defensa da política pública de cooperación ao desenvolvemento das ONGD galegas

2.- RESULTADOS

Resultado 1.1. Fortalecida a capacidade da Coordinadora para incidir no coñecemento e aplicación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles e na mellora da política pública de cooperación en Galicia

Resultado 1.2. Fortalecida a capacidade da Coordinadora para promover a Educación para a Cidadanía Global e a Comunicación para o Desenvolvemento en Galicia

Resultado 1.3. Melloradas as capacidades, os procesos de traballo interno e facilitada a participación nos distintos órganos que a conforman a Coordinadora

Resultado 1.4. Promovida a mellora da transparencia e bo goberno da Coordinadora e das súas ONGD socias

2.- FINANCIAMENTO



Partidas orzamentarias	Xunta de Galicia	Coordinadora
Gastos de mantemento da oficina	8.040,00 €	-----
Gastos de persoal	63.960,00 €	2.500,00 €
Gastos para a execución de actividades	18.000,00 €	-----
Total financiamento por entidade	90.000,00 €	2.500,00 €
ORZAMENTO TOTAL PROXECTO	92.500,00 €	